



ASOCIACIÓN VIEIRO

O TRIÁNGULO DA SAÚDE

Curso de prevención para alumnado de Educación Secundaria

- 1.- Presentación e xustificación.
- 2.- Obxectivos.
- 3.- Poboación destinataria.
- 4.- Metodoloxía
- 5.- Contidos
- 6.- Lugar de celebración
- 7.- Duración



ASOCIACIÓN VIEIRO

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Existe evidencia empírica de que as experiencias no campo da prevención, centradas en técnicas de intervención amplamente contrastadas e que emerxen do coñecemento e identificación dos factores de risco asociados co consumo de drogas, son as que ofrecen resultados máis prometedores. Por iso, o curso “O triángulo da saúde” para Educación Secundaria, combina o adestramento en habilidades de resistencia co adestramento en habilidades persoais e sociais máis xerais, partindo do suposto de que mellorar nos adolescentes a súa competencia persoal e social reducirá a súa tentación ao consumo de drogas e outras conductas de risco como a adicción ás novas tecnoloxías. A susceptibilidade ante as influencias negativas da contorna poden reducirse aumentando a autoestima, o autocontrol e a autoconfianza do/a adolescente para alcanzar unha serie de obxectivos e metas na vida incompatibles co consumo. A adquisición dunha serie de habilidades persoais e sociais adecuadas xogan un papel moi importante no axuste psicolóxico e no desenvolvemento psicosocial do e da adolescente. Isto complementase coa información sobre os efectos e os riscos do consumo de sustancias baseada en datos científicos e adaptada á cada etapa evolutiva.

2.- OBXECTIVOS

Partindo dunha análise dos factores psicosociais que conducen ao consumo de sustancias, este curso ten como obxectivo fundamental proporcionar aos mozos as habilidades necesarias para enfrontarse adecuadamente ás influencias sociais que incitan ao consumo de sustancias e o mal uso das novas tecnoloxías (medios de comunicación, consumo na familia) e moi en especial, á presión do grupo de amigos, dada a intensidade con que esta actúa durante a adolescencia. Entre os seus obxectivos xerais atópanse:



ASOCIACIÓN VIEIRO

- Proporcionar aos alumnos/as ás habilidades necesarias para o desenvolvemento da súa vida diaria.
- Dotar de coñecementos básicos para a utilización das novas tecnoloxías dun xeito saudable e responsable.
- Informar sobre os efectos e os riscos asociados aos consumo de sustancias.
- Retrasar a idade de inicio no consumo de sustancias.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria do curso é o alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º e FP Básica.

4.- METODOLOXÍA

Para conseguir os obxectivos do curso ímonos valer dunha metodoloxía caracterizada por ser, activa (a maior participación do alumnado maior aproveitamento do programa), construtiva (servindo de guía para un coñecemento máis axeitado) e interactiva (fomentando a cohesión grupal e unha boa relación coa educadora).

Cada unidade temática contén unha meta principal, unha serie de obxectivos específicos e actividades para ser traballadas na aula .

5.- CONTIDOS

O programa “O triángulo da saúde” consta de 9 sesións distribuídas en tres bloques temáticos:

- 1.- Quérome: consta de 5 sesións sobre habilidades persoais e sociais.



ASOCIACIÓN VIEIRO

2.- Clikeando: con 2 sesións que teñen como finalidade a utilización das novas tecnoloxías dun xeito saudable e responsable.

3.- Con sumo coidado: no que se traballan 2 sesións a través das que se pretende facilitar información sobre as distintas sustancias aditivas ás que os nenos e nenas podan ter acceso.

6.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centros de Educación Secundaria

7.- DURACIÓN

9 sesións semanais de 50 minutos de duración.